- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

UD	Título da UD	Duración
7	Llega la primavera	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade.	PE	70
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Ler textos escritos sinxelos e reproducir algúns datos contidos neles.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Ler textos escritos sinxelos, tentando aplicar os modelos dados ás propias producións.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Realizar progresivamente e con axuda pequenos textos escritos		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar conclusións sobre textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Utilizar recursos elementais para producir textos orais coherentes.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Respetar o espazo e as normas da biblioteca de aula	TI	30
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Aumentar o vocabulario a través dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿).</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.</li> <li>- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios...</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿).</li> </ul>

## Contidos

- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
8	Aventura en las montañas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Empregar o vocabulario dado.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir textos escritos sinxelos e reproducir algúns datos contidos neles.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Reler os propios textos e corrixir os erros, desenvolvendo o espírito crítico.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender globalmente textos orais sinxelos e recoñecer as ideas principais.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Adquirir progresiva autonomía na elección dos textos de lectura e expresar de forma global os propios gustos lectores.	TI	40
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Adquirir progresiva autonomía na elección dos textos de lectura e expresar de forma global os propios gustos lectores.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproducir textos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.</li> <li>- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos, etc.).</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul>

## Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿).
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

UD	Título da UD	Duración
9	Un descubrimento prehistórico	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Aumentar vocabulario progresivamente	PE	60
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Comprender o significado de textos sinxelos		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Distingue aspectos formais e non verbais nos textos infantís.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega un adecuado vocabulario e regras ortográficas.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar conclusións sobre textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Utilizar recursos elementais para producir textos orais coherentes.	TI	40
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Utilizar un vocabulario adecuado ao seu nivel e cunha secuencia coherente para participar en interaccións orais.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Recoñecer textos e obras de literatura infantil coma fonte de pracer e inspiración.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Aumentar o vocabulario a través dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------



## Contidos

- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿).
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Procesos: comprensión oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
10	Unidad transversal	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Mostrar interese e respecto polas linguas da contorna incluída a lingua de signos.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Recoñecer, de maneira acompañada estereotipos lingüísticos e culturais frecuentes.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Iniciarse no emprego de estratexias para a escoita activa e o consenso para a xestión de conflitos.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Adquirir o hábito lector e gusto pola lectura.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer, de forma xeral, o funcionamento das bibliotecas de aula e centro.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Construír a través da linguaxe un pensamento non discriminatorio.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Compartir procesos de investigación grupal sinxelos, de maneira acompañada realizando a selección de distintas fontes de información.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Adoptar hábitos de uso crítico e seguro das tecnoloxías dixitais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Construír a identidade lectora.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Compartir oralmente experiencias de lectura.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Apreciar o valor de textos literarios sinxelos.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identificar a biblioteca de aula e de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios...</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.</li> <li>- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.</li> <li>- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas.</li> <li>- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.</li> <li>- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable</li> <li>- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.</li> <li>- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.</li> <li>- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En liñas xerais está programación didáctica sigue os seguintes principios metodolóxicos.

Principio de consistencia evolutiva: Supón a necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, do nivel do grupo, de xeito que toda a intervención educativa debe ter en conta o desenvolvemento psicoevolutivo do alumno/a.

Principio de aprendizaxe significativa: É Ausubel o primeiro que fai referencia ao termo de aprendizaxe significativa. Define aprendizaxe significativa como aquilo que relaciona as novas aprendizaxes cos que xa se atopan na estrutura cognitiva. O profesor partindo dos coñecementos previos dos seus alumnos/as, debe presentar actividades que atraian o seu interese e que o alumno poida relacionar coas experiencias anteriores para iso en todas as unidades se realizan actividades de introducción e activación dos coñecementos previos. Potenciar a autonomía e a liberdade autorregulada do alumnado na súa aprendizaxe: Ou o que ven a dicir o mesmo a seguinte expresión: “Que o neno/a aprenda a aprender” dotando aos alumnos/as das estratexias necesarias para elo. Por iso as metodoloxías aplicadas nas unidades didácticas pretenden que o alumnado se desenvolva nun Entorno Personal de Aprendizaxe (PLE). O alumno debe sentirse responsable das propias decisións e afrontar as consecuencias. Aprender a decidir libremente é unha tarefa chea de dificultades que debe iniciarse o máis cedo posible. O profesor é simplemente un mediador ou guía para que a liberdade de cada un non vulnere o dereito de liberdade dos outros. Promover a actividade-interactividad por parte do alumnado: A actividade é unha das características fundamentais do alumno/a de Primaria. Sigo o Principio de estimulación sensorial e lingüística, a cantos máis estímulos estea exposto un alumno máis pode aprender. Por iso hai que utilizar gran variedade de recursos e en diferentes modalidades sensoriais.

As comunicacións intrapersonais, socialización: mediante o traballo cooperativo. Como sinala Bruner “os alumnos expertos poden ofrecer axuda aos inexpertos” o que ven sendo a Tutoría entre iguais que se leva a cabo na aula. Sigo o principio de clima afectivo e de seguridade, o alumno só sentirá desexo de aprender cando teña cubertas previamente as necesidades básicas de afecto e seguridade. As relacións co profesor/a son decisivas para o desenvolvemento da identidade e das características da personalidade do neno/a. Por iso se traballa directamente a xestión das emocións.

Partir da diversidade da aula, individualización: É importante coñecer a situación particular de cada neno/a, os seus intereses, circunstancias sociais e culturais e adaptarse a iso para que se produza a aprendizaxe. Por iso son tan importantes as actividades de ampliación e reforzo.

Perspectiva globalizadora: O pensamento do neno/a non é analítico senón sincrético ou global, por iso as experiencias educativas que se leven a cabo deben relacionar os distintos contidos das diferentes áreas, e dende unha perspectiva real.

Carácter lúdico das actividades: imprescindible, pois a través del, o neno/a elabora a súa aprendizaxe, crece, desenvólvese, e ademais é unha actividade que lle produce pracer e benestar. Por iso gran parte das actividades que se propoñen para desenvolver nesta programación teñen un compoñente lúdico, (del Toro). Ademais hoxe en día o emprego das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación provocan que a realidade da escola sexa máis motivadora e que o profesor non sexa a única fonte de información.

Principio de pedagogía do éxito e motivación: Segundo Vigotsky, os pequenos logros e a motivación serán a base da nosa metodoloxía.

Na aula seguiranse unha serie de metodoloxías e técnicas que se escolleron por considerar que son as máis adecuadas as características que presenta o grupo. En liñas xerais é unha metodoloxía activa e participativa, onde o mestre é o de guía e son os alumnos e alumnas os protagonistas de todo o proceso. Ademais disto será flexible e personalizada cando se requira e terá en conta os diferentes niveis e capacidades do alumnado así como as súas características individuais e como grupo. Está encamiñada a que o alumno acadase o mellor posible as competencias clave, especialmente aquelas nas que esta materia pode contribuír en maior medida e fomentar o desenvolvemento das diferentes intelixencias múltiples (Gardner). Seguense as directrices de teorías innovadoras de aprendizaxe como é o “Conectivismo,” cuxo principal impulsor é George Siemens e relacionase co uso das TIC. Esta é a teoría do aprendizaxe na era dixital, defende que as aprendizaxes residen fóra dos alumnos, está enfocado a conectar con conxuntos de información cando sexa necesario para así aprender máis. A nova información adquirida, posibilita que

o alumno recoñeza cando a información é importante e cando non é, a compartir os seus coñecementos cos demais mentres que os demais comparten con el. “ O importante non é que os nenos /as saiban hoxe, senon que sexan capaces de aprender a buscar o que necesitarán saber mañá”.

Por último desenvólvense actividades do APRENDIZAXE BASEADO NO PENSAMENTO, traballando as diferentes rutinas de pensamento.

Debemos ter en conta as necesidades do neno/a e en función delas organizar o espazo para favorecer así o desenvolvemento de todas as potencialidades. Foron moitas as razóns que me levaron a organizar o aula por recunchos ou estacións de traballo, entre outras porque:

- Axudan o paso da educación infantil a primaria.
- Fomentan o aprendizaxe significativo e funcional.
- Axudan ao neno/a a pasar do egocentrismo á socialización.
- Favorecen a autonomía persoal e promoven a responsabilidade.
- Espertan a curiosidade e o interese
- Favorecen a experimentación, a observación e a manipulación.
- Fomentan a busca creativa de solucións.
- Axudan ao desenvolvemento da linguaxe verbal.
- O neno/a atopa o espazo e o tempo necesario para pensar por sí so.

Todos os nenos e nenas durante unha sesión en cada unidade, traballarán nos nosos catro recunchos noemados con anterioridade. Cada grupo deben pasar por todos os recunchos e realizar a actividade que eu propoña.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro didáctico "Lengua + "de Santillana
Recursos da pantalla dixital
Materiais manipulativos.
Láminas.
Material audiovisual
Actividades en liña de Santillana
Tablet, app para o desenvolvemento da lectoescritura

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase:

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que producen nel e as dinámicas que funcionan ben ao longo do tempo. Tamén incorporaranse datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
- Plantexamento de dinámicas de grupo para detectar como ten relación o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular:

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Cuestionarios de avaliación inicial.
- Probas de avaliación inicial.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>12</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	70	60	60	0
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	30	40	40	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>54</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>46</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias. Contamos cunha táboa-resumen dos pesos de cada unidade da materia e dos graos mínimos de consecución. A unidade transversal valorárase en cada un dos tres trimestres, repartindo o peso total desa unidade entre tres, sendo 4% en cada un.

Elementos para a cualificación

Avaliación continua e formativa

-Portfolio, coa colección de producións gráficas do alumno, permite ao profesorado avaliar con evidencias obxectivas non só o produto final, senón tamén o proceso que os estudantes seguiron para a súa realización.

-Lista de cotexo con criterios obxectivos, claros, relevantes e relacionados coas aprendizaxes a avaliar. Propónse unha serie de trazos a observar sobre os que o docente ha de sinalar a presenza ou ausencia.

-Rúbricas, que son unha poderosa ferramenta para a autorregulación da aprendizaxe, dado que indican o camiño a seguir ao longo do proceso, á vez que posibilitan unha avaliación obxectiva de actitudes e comportamentos non facilmente medibles con outros instrumentos.

-Cuestionarios de autoavaliación constitúen ferramentas moi eficaces para que os alumnos poidan medirse e comprobar os seus avances.

-A avaliación será continua é nota final será a da terceira avaliación

### Criterios de recuperación:

Consideramos que os contidos que queden sen superar poden considerarse recuperados se chegan a superarse na seguinte unidade didáctica, sendo a última avaliación a determinante para a consecución dos obxectivos. A

avaliación será continua, de xeito que a nota da terceira avaliación será a nota final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A acción educativa docente debe ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que necesite cada un para así garantir a súa liberdade, a súa autonomía e o seu desenvolvemento cotián. É evidente que os alumnos/as son diferentes uns doutros e que estas diferenzas refírense a varios factores: capacidades, motivacións, intereses, situación socioeconómica e familiar... polo que o mestre/a deberá atender a estas diferenzas e axustar a elas a súa intervención educativa.

Dentro desa diversidade, atopamos alumnos e alumnas con Necesidade específica de apoio educativo, engloba aos alumnos e alumnas que requiran, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Hai dous principios claves a ter en conta cos alumnos/as de Necesidades Específicas de Apoio Educativo, que son a normalización e a inclusión. A inclusión trátase dun concepto que vai máis alá da integración. Por todo isto, débese atender ás diferenzas e axustar a elas a intervención educativa. As programacións deben incorporar adaptacións para os alumnos/as con características especiais e permitir facer cambios, xa que son abertas e flexibles.

En xeral, atendese a diversidade da aula mediante as actividades de reforzo, ampliación cando sexa necesario. Ademais debido as características do alumnado da aula contamos co apoio de especialistas en PT e AL e cunha coidadora.

As medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presente dificultades para acudir ao centro educativo por causas xustificadas, serán o uso da aula virtual, videoconferencias por plataformas corporativas e mensaxería por Abalar.

As estratexias de deseño univereal de aprendizaxe coincide coas técnicas e principios especificados no apartado de metodoloxía desta programación.

Tendo en conta esta diversidade coa que contamos na aula teñense en conta os diferentes protocolos sendo os máis relevantes nesta aula o Protocolo de protección de datos, Protocolo de atención educativa para o alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA), Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia, Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar e Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X				X		X	
ET.2 - Igualdade de xénero.		X				X		
ET.3 - Educación para a paz.				X				
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	X						X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación para a saúde	X		X		X			
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X							

	UD 9	UD 10
ET.1 - Emprendemento	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.		X
ET.3 - Educación para a paz.		
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	
ET.5 - Educación para a saúde		
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PDI: "Un territorio con moita historia"	PDI da Biblioteca polo que traballaremos de xeito interdisciplinar como eixo fundamental a historia da nosa contorna. Vinculámolo a Lengua Castelá mediante o uso de diferentes tipos de textos, dramatizacións de lendas da contorna, exposicións orais... A temporalización será ao longo dos tres trimestres.	X	X	X
Saída Castelo dos Novaes	Esta saída esta relacionada coas áreas lingüísticas, xa que previamente á saída traballárase na aula a lenda dos Novaes, así como exposicións orais en relación ao Castelo e a súa historia.		X	
Talleres de escritura creativa.	Obradoiros de escritura creativa, levaranse a cabo unha vez ao mes .	X	X	X
Historia interminable	Actividade relacionada coa lectura e a escritura creativa, lévase a cabo unha vez a semana na aula.	X	X	X
Plan proxecta "Proxecto Terra"	Está solicitado e pendente de aprobación. Vincúlase coa área a través do traballo na expresión oral e o traballo con distintos tipos de textos.	X	X	X

### Observacións:



Tendo en conta o carácter flexible de toda programación, as actividades complementarias poden variar ao longo do curso por distintas circunstancias.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
O proceso levouse a cabo con fluidez.
A temporalización foi adecuada.
Metodoloxía empregada
Queda claro o enfoque competencial.
Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se plantexan.
As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades...
Medidas de atención á diversidade
Presta atención á expresión persoal dos alumnos.
Clima de traballo na aula
Destácase o desenvolvemento de comportamentos éticos.
As interaccións entre alumnado fanse progresivamente máis fluídas e son un estímulo para o traballo.
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.
Outros
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.

#### Descrición:

Empreganse taboas de indicadores nos que os ítems para a valoración puntúan de tres formas: óptimo, para revisar e para reelaborar. Cubrirase ao rematar cada unha das unidades didácticas.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Valorarase a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos podemos avaliar globalmente todo o proceso.

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias coa fin de melloralas usaremos como instrumento unha taboa de indicadores onde se valorará do 1 ao 4 os ítems antes mencionados.

O seguimento da programación realízase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación Proens.

A información do seguimento da programación didáctica trasladarase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

## **9. Outros apartados**